



PLAN DA BIBLIOTECA CPI de Atios

2022-2023

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR DO CPI DE ATIOS PARA O CURSO 2022-23

* EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Unha das liñas de traballo para o novo curso 2022-23 vai ser o **traballo co programa Meiga**, continuar o proceso de catalogación en Meiga, mellorar a xestión dos préstamos con este programa a través da mellora da formación do equipo de biblioteca no manexo deste programa, e sobre todo, abordar unha asignatura pendiente, o de abrir a nosa biblioteca ás moitas posibilidades do entorno Meiga, programa do que empregamos apenas un par de cousas e co que podemos facer moitas máis cousas das que facemos.

No relativo á organización xeral da biblioteca no presente curso escolar continuaremos a facer melloras na na distribución dos espazos para adaptarnos mellor ás necesidades reais do día a día da nosa biblioteca, coa renovación dalgún mobiliario (seguramente tocaralle á porta no vindeiro curso escolar, tocará incluír plantas nunha biblioteca que queremos sentir viva, coxíns e alfombras nos recantos de lectura tranquila, ...) e co arranque dun **espacio maker** sinxelo, pero viable, deseñado á medida do equipo da biblioteca, adaptado ás necesidades das titorías e aos intereses dos alumnos. Precisamente o espacio maker, xunto co clube de ciencias e o clube de robótica que funcionan na escola, queren facer da biblioteca un espazo xenerador de novas aprendizaxes, no que fomentar a creatividade dos nosos alumnos e alumnas.

Tras os cambios no equipo da biblioteca propios do inicio do curso na primeira reunión do equipo terá lugar o correspondente reparto de tarefas, sempre en consonancia coa dispoñibilidade horaria do curso, para intentar que realmente haxa traballo en equipo. A idea neste curso, como xa fora tamén no pasado curso escolar, é que o representante dos ciclos no equipo de biblioteca actúe como correa de transmisión directa cos ciclos de cara á programación de actividades da biblioteca. **A principio de curso serán asignadas as gardas de biblioteca e as primeiras quendas de axudantes**. Gustaríanos participar dentro do programa de **Bibliotecas solidarias**, se non se nos pasa o prazo de presentación de solicitudes coma nos ocorreu no presente curso escolar. Manterase a coordinación co equipo DACE e EDLG. **Continuaremos a traballar na implicación do profesorado de secundaria nas actividades da biblioteca** relacionándoas de forma específica cos contidos das súas materias.

* EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO, CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Como xa fixemos nos pasados cursos, **continuaremos a encher o blog da biblioteca de contidos de xeito que sirva para difundir as actividades que estamos a facer nela, pero tamén, para que sirva como vehículo de comunicación coas titorías e as familias, e fonte de recursos** de onde eles poidan obter materiais de lectura para traballar nos plans lectores, nas aulas, ou nas casas.

No curso escolar actual continuarase promovendo o emprego da biblioteca como espazo onde alumnos e mestres poden acudir para buscar información tanto en soporte papel coma nos ordenadores, ou onde os mestres poidan acudir para traballar materiais audiovisuais cos seus alumnos grazas á pantalla e o canón.

Seguiranse a difundir os fondos da biblioteca grazas á programación de actividades de animación á lectura diversas, relacionadas coa época do ano, e como tema escollido para traballar como proxecto de centro: elaboración de murais, trípticos, carteis e marcadores de libros; exposicións de libros; lecturas dramatizadas, obras de teatro e monicreques, contacontos, visitas de autores; ...

Continuará a comunicación cos distintos departamentos e ciclos:

- Para **respostar ás necesidades** de cada departamento e ciclo
- Para servir de **fonte de recursos nos proxectos documentais** que realiza o alumnado de primaria
- Para servir de **información nas saídas** que o centro realice
- Para poder **ter relación coas actividades programadas ao longo do curso polos equipos de DACE , EDLG, comedor e ANPA.**
- **A biblioteca continuará a relacionarse co Dpto de Orientación** para mercar material que supla na medida do posible as dificultades coas que se atopa o alumnado con NEE e o alumnado con menos acceso aos recursos relacionados coas novas tecnoloxías, de tal maneira que se vexan favorecidos no uso dos medios da biblioteca, para compensar as desigualdades.
- **Continuará tamén a relación co equipo TIC** para manter ao día os programas informáticos instalados nos ordenadores da biblioteca e para grabar parte das actividades de animación que se realizan na biblioteca e poder subilas ao blog da biblioteca, á web do cole ou á Televisión educativa do centro.

A biblioteca contemplará o **equilibrio no traballo das competencias básicas aínda que a nosa prioridade será a competencia lingüística**, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e tratamento da información e competencia dixital.

- Competencia Lingüística: **A competencia lingüística é unha competencia de especial prioridade na programación da biblioteca**, o fomento da lectura como actividade de lecer ou como actividade de consulta, na propia biblioteca, nas aulas a través da hora de ler, ou nos fogares a través do sistema de préstamo ou das mochilas viaxeiras, seguirá a ter especial protagonismo no noso centro. As actividades de animación á lectura: exposicións de libros, visitas de autores, lecturas dramatizadas, contacontos, obras de monicreques e obras de teatro... serán ferramentas imprescindibles para traballar nesta competencia. O fomento dunha lectura en distintos soportes, soportes impresos ou soportes dixitais, será fundamental de cara á adquisición dunha alfabetización múltiple.

- Aprender a aprender: Nestes últimos anos estamos a converter a biblioteca nun centro de recursos no que os usuarios da escola poidan atopar toda a información que precisen para calquera dos seus traballos escolares en coordinación cos departamentos e ciclos, ademais de dar moita importancia á formación de usuarios para que estes poidan atopar na biblioteca aquela información que precisen en cada momento. Nesta liña seguiremos a traballar no vindeiro curso escolar. O deseño dun sinxelo **espacio maker** na nosa biblioteca sen dúbida vai contribuír tamén ao traballo con esta competencia.

- Coñecemento e Interacción co Mundo Físico: Na biblioteca do CPI de Atios o traballo no coñecemento e interacción co mundo físico é outra das competencias sempre presentes na nosa programación, neste sentido continuaremos a coordinación cos distintos departamentos, fomentaremos a investigación para preparar as saídas do alumnado ao noso entorno, continuaremos contando coa presenza das familias en temas relacionados coa nosa identidade, colaboraremos na elaboración de materiais relacionados co entorno nos Proxectos Interdisciplinares, seguiremos celebrando o Día do Libro adicándoo a un personaxe do Concello de Valdoviño, continuaremos promovendo o uso da lingua galega, manteremos a relación con bibliotecas da comarca, participaremos na celebración das festas máis destacadas durante o curso, ...

- Social e Cidadá: A programación da biblioteca no presente curso escolar contribuirá ao traballo desta competencia a través do fomento dos traballos en equipo na realización de calquera das actividades de animación á lectura nas que participen alumnos e mestres, a través do fomento do uso de material relacionado cos dereitos da cidadanía e a igualdade, a través das propias normas de funcionamento da biblioteca nas que a tolerancia e o respecto polas diferencias serán fundamentais, a través da democratización dos recursos, e da igualdade de oportunidades para o alumnado con NEE, promovendo a presenza de pais e nais nos contacontos e tamén nun clube de lectura que queremos comezar no seguinte curso escolar co alumnado de primaria, ...

- Autonomía e Iniciativa Persoal : A familiarización coa organización da biblioteca mediante o sistema da CDU, o grupo de axudantes da biblioteca, que informan ao resto do alumnado se se lles presenta calquera dificultade, a relación dende principio de curso co Equipo de Orientación para adaptar a biblioteca ás discapacidades do noso alumnado para instalar calquera material que lles facilite a súa autonomía, unha caixa de suxestións onde o alumnado fai propostas para facer novas compras, o espacio maker que se botará a andar no curso 19-20 e outras cousas que irán xurdindo a medida que avance o curso, son iniciativas que esperamos poder desenvolver no vindeiro curso para contribuír ao traballo desta competencia na biblioteca. Estamos barallando a posibilidade de crear un clube de lectura cos alumnos de secundaria para ata que iniciemos o curso e se constitúa o novo equipo de biblioteca non saberemos con certeza teremos unha persoa que se queira encargar da marcha do mesmo .

- Cultural e Artística: A decoración e os murais que a biblioteca diseña para cada festividade, a participación do centro no **concurso “ Poesía e imaxe”** que todos os anos promove o Equipo de Normalización Lingüística na comarca de Ferrolterra, a creación de cartas no San Valentín, concursos de receitas, ..., a creación por parte do Dpto de Plástica dos **decorados para as obras de teatro todos os anos, a elaboración de contos, libros,**



cómics e e kamishibais por parte dos alumnos nas titorías, ... serán as principais ferramentas para traballar esta competencia dende a biblioteca.

- Tratamento da Información e Competencia Dixital: A biblioteca ofrece a oportunidade de que todos os alumnos, especialmente aqueles que non teñen ordenadores na casa, poidan achegarse ao mundo dixital no seu tempo de lecer, nos recreos, e tamén cando os mestres e titores o consideren axeitado; a materia de tratamento da información en cuarto de primaria, a de tecnoloxía en secundaria e os obradoiros de robótica ou o clube de ciencias programados como actividades extraescolares van ser fundamentais para o traballo desta competencia. Tamén o traballo por proxectos das materias de **Ciencias Naturais e Sociais** de Primaria van contribuír a traballar esta competencia. A biblioteca está dotada de varios ordenadores a disposición dos usuarios, e en colaboración co equip de TICS están convenientemente preparados para que os alumnos atopen neles os programas informáticos que precisen para realizar traballos de distinto tipo: cómic, gravacións de audio, presentacións, ... Por outra banda, **o propio sistema de funcionamento da biblioteca é un exemplo de manexo da competencia dixital**: os axudantes de biblioteca colaboran no préstamo co programa Abies e Meiga, ...

Unha das prioridades do curso vindeiro seguirá a ser continuar dinamizando o blog da biblioteca para convertilo en centro de recursos a onde os usuarios poidan acudir en busca de materiais para cada evento, e aproveitar a televisión educativa do centro para difundir algunhas das actividades da biblioteca. Promover a participación dos alumnos de secundario na creación de contidos para o blog vai ser unha das nosas liñas de traballo para o vindeiro curso.

- Competencia Matemática: seguiremos a traballar os contidos da Clasificación Decimal a través da CDU da biblioteca, e buscaranse novas formas de relacionar a biblioteca co Departamento. Continuaremos a mercar e difundir na biblioteca os libros relacionados coas matemáticas.

*** EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL**

No primeiro trimestre serán programadas **actividades de formación de usuarios** que permitan aos nenos de primeiro de primaria iniciarse no manexo da biblioteca e ao resto dos cursos familiarizarse e mellorar os seus coñementos sobre a CDU e a ubicación dos recursos. Faranse **xornadas de formación para os alumnos de terceiro de primaria en adiante en relación coa busca de información en internet** en colaboración co equipo das TIC e o Dpto de Tecnoloxía. **Traballaremos na elaboración de materiais para incluír na programación da da TV educativa do centro**, algún material sobre formación de usuarios ou algunha das actividades de animación á lectura que facemos na biblioteca.

Os cursos inferiores familiarizaranse cos materiais dixitais da biblioteca, as normas dos usos dos ordenadores e o espazo maker. Moitos dos proxectos de investigación realizados nas aulas irán acompañados da elaboración de vídeos que colgamos na web

do centro ou na televisión educativa... Intentaremos contar coa colaboración de alumnos de secundaria para *dinamizar o blogue da biblioteca* e facer máis atractivo o espazo da biblioteca destinado a estes alumnos.

*** EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR DO CENTRO**

Dacordo coas liñas xerais do plan lector do centro a **biblioteca será concebida como un centro de recursos centralizado da información e coma un espazo de traballo e referencia para todos os mestres do centro.** Neste contexto, no presente curso escolar se lle darán continuidade ás *mochilas viaxeiras*, *difundirse o material creado entre os ciclos* para que todos saibamos o que fan os outros, na medida do posible intentaranse **caixas de empréstimo** dende a biblioteca para as aulas para que vaian e volvan de novo á biblioteca e que incluírán sobre todo libros relacionados cos proxectos ou coa festividade que se estea a celebrar na biblioteca e/ou na escola en cada época do ano, continuarase a facer actividades de **animación á lectura** a través de sinxelas representacións de teatro e monicreques creadas polo alumnado das distintas aulas e tamén nos gustaría que os membros do equipo da biblioteca colaboraran na **elaboración de materiais que impulsen e acompañen o proxecto interdisciplinar de centro** en cada curso/ciclo.

*** EN RELACIÓN COS AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA**

Ademáis de continuar a **colaboración co Departamento de orientación** na selección de fondos axeitados para os rapaces con neae que temos no centro, no vindeiro curso escolar queremos darlle un impulso máis á participación das familias na biblioteca, colaborando por un lado coa AMPA do centro para contar cun **grupo de pais/nais voluntarios** que boten unha man no día a día da biblioteca: deseño de murais, decoración da biblio en consonancia coas distintas festividades , contacontos, ...; e tamén coa presenza de pais e nais na biblioteca a través dos contacontos que os pais e nais fan nas aulas de infantil e primeiro ciclo, e a través do clube de lectura que quere botar a andar no vindeiro curso escolar cos alumnos de primaria. A colaboración coas asociacións veciñais, a Concellaría de **Cultura do concello de Valdoviño e a Biblioteca municipal** para o vindeiro curso escolar están aínda por concretar pero adoitan ser unha constante nas programacións desta biblioteca.

*** OUTRAS ACTUACIÓNS:**

O equipo de biblioteca está en permanente contacto cos distintos departamentos e cos proxectos que se realizan ao longo do curso. A biblioteca adáptase aos contidos das actividades xerais e concretas do centro e adiantase a mercar e preparar materiais para que o alumnado poida investigar e buscar a información que lle vai permitir facer os traballos que se propoñen.

En colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística, cada ano o centro escolle un tema para traballar como proxecto de centro. Este ano estamos a decidir o tema do vindeiro curso escolar, se decidirá no inicio do curso escolar.

A biblioteca tentará preparar unha caixa informativa para cada aula/nivel con material informativo sobre ese tema, e unha serie de preguntas que cada aula/nivel deberá responder e que darán pé a elaboración dalgún tipo de material co que contribuir a unha exposición que se realizará un venres ao mes ao longo de todo o curso, adicado ao tema de traballo escollido.

*** CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS A UTILIZAR:**

Sinceiramente esta é unha das asignaturas pendentes da biblioteca do CPI de Atios; no curso 16-17 demos os primeiros pasos para mellorar o sistema de avaliación que viñamos realizando no centro, deseñamos unha **enquisa** que colgamos na **web** do centro para facilitar a todos o acceso á mesma, e fixemos o primeiro **focus group** cos alumnos de secundaria para recoller as súas opinións en canto ao funcionamento da biblioteca. Pero pouco máis que eso fixemos. Realmente non temos sistematizado o tema da avaliación da biblioteca e temos que ver aínda como abordar este tema no vindeiro curso escolar..

*** PERSOA RESPONSABLE. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO**

No curso escolar actual nos gustaría que houbera **relevo na coordinación do equipo da biblioteca**, e incluso que houbera unha **doble coordinación** cunha persoa encargada da coordinación a nivel de educación infantil e primaria, e outra persoa encargada da coordinación a nivel de secundaria. **M^a José Ruán Serantes**, coordinadora da biblioteca nos seis últimos anos seguirá ao fronte do equipo de non haber outra persoa que manifeste interese pola coordinación no inicio do novo curso. O resto do equipo estará constituído por un representante de cada ciclo: un representante de educación infantil, un representante o primeiro ciclo, un representante do segundo ciclo, un representante de terceiro ciclo, dous representantes de secundaria e algún profesor especialista.

O horario previsto de atención á biblioteca será semellante ao deste ano: 7 horas para o coordinador, unhas 5 horas para o resto dos membros do equipo máis as gardas de biblioteca dos mestres de primaria e secundaria.

Asinado:

Visado:

M^a Sonia Corral Almeida
Coordinadora da biblioteca

Antonio Cebreiro Melero
Director do centro